

ANTROPOLOXÍA E LITERATURA ORAL

XERARDO PEREIRO PÉREZ

UNIVERSIDADE DE TRÁS-OS-MONTES E ALTO DOURO – EXTENSÃO DE MIRANDA DO DOURO
PORTUGAL

A proposta realizada neste traballo fai de altovolante dalgunhas reflexións que creo fundamentais para seguir camiño na investigación da literatura oral. A miña perspectiva é a da antropoloxía sociocultural, pero afecta nun sentido máis amplo ao conxunto das disciplinas sociais e humanísticas que abordan o tema da literatura oral e da oralidade en xeral. É evidente que a literatura aporta datos sobre a organización social, o estilo de vida e a Cultura dunha sociedade no pasado e no presente¹. En particular a literatura oral, é dicir, a que se transmite oralmente aínda que ás veces a encontremos escrita, é un vector privilexiado para captar os imaxinarios colectivos do grupo humano que a crea, os seus valores, as súas moralidades e crenzas.

The paper presents some lines of thought considered to be fundamental in the study of oral literature. The perspective followed is one marked by socio/cultural anthropology, but one that is also related to all of those Social Sciences and Humanities that analyse oral traditions. Literature gives us data on social organization, on the life style and culture of a social group, both past and present. Oral literature, in particular, is a extremely suitable vehicle for reaching the collective imaginary of the group that creates it.

LITERATURA ORAL E INTERPRETACIÓN

O antropólogo Roy Willis² resume en tres as etapas de transformacións e cambios producidos neste ámbito desde o ano 1846, data escollida porque foi cando o británico William Thoms comezou a usar o termo “folclore”, inaugurando así o moderno estudio científico da tradición oral.

A primeira etapa referida comprende entre 1846 e principios do século XX, período no cal a dirección teórica de interés estaría orientada cara ao pasado e cara á persecución de “supervivencias” de costumes e crenzas antigas

¹ Fribourg, J.(1995): “Literatura oral y antropología”, en Lisón Tolosana, C.(comp.): *Antropología y Literatura*. Zaragoza: Gobierno de Aragón, p. 37.

² Willis, R. (1987): “The interpretation of oral tradition”, en *Edinburgh Anthropology* 1, pp. 60-70

e primitivas. O paradigma destas contribucións foi o do evolucionismo lineal común ao século XIX.

A segunda etapa comeza con o famoso antropólogo social británico Malinowski e ten un especial interés teórico no presente. Coa caída do paradigma evolucionista folcloristas e antropólogos convertéronse ao difusionismo, funcionalismo e estrutural-funcionalismo, aínda así algúns folcloristas mantivéronse nas ideas da antropoloxía evolucionista do século XIX. A idea básica desta etapa era a idea malinowskiana do “mito”, segundo a cal a pesar de que o mito pretende ser unha declaración sobre eventos do pasado, tamén pode ser comprendido cientificamente como unha afirmación sobre os modelos presentes de relacións sociais, especialmente das relacións de poder político e autoridade.

A terceira etapa coincide coa emerxencia do estruturalismo e as ideas do antropólogo Claude Lévi-Strauss, como por exemplo a idea das oposicións binarias nos mitos. Outra aportación moi importante nesta etapa foi a do folclorista ruso Vladimir Propp, quen ao estudar os contos de Afanasiev descubriu un número limitado de “funcións” (trinta e unha) que sempre ocurrían no mesmo orde, esas funcións eran situacións dramáticas descritas en términos de “recoñecemento, información recibida, sumisión, violación”, etc.; non aparecían sempre todas, pero si a súa secuencia. De acordo con o folclorista norteamericano Alan Dundes estas secuencias, que el denominou “motivos” terían unha pretensión de universalidade en todas as literaturas orais.

O estudo da oralidade como unha representación da sociedade máis ampla avanzou nos últimos anos. Neste punto merecen especial atención os traballos de Jan Vansina sobre Africa Central, quen co seu método etnohistórico recolleu e interpretou os máis aparentemente absurdos episodios da oralidade africana, escribindo novas Historias de África a partir da oralidade indíxena. Outro autor con destacada presenza foi o antropólogo belga Luc de Heusch, discípulo e crítico de Lévi-Strauss. De Heusch cuestionou o concepto de “oposición binaria”, e mostrou como as estruturas da oralidade teñen relación íntima con procesos económicos e políticos, as súas polaridades simbolizan procesos políticos e económicos. Desa maneira cada cultura constrúe unha estrutura de oralidade diferente dentro dun conxunto de elementos comúns a todas as oralidades. Eses elementos comúns son definidos polo historiador norteamericano Joseph

Miller como “clichés” (motivos recurrentes nas narrativas orais). Estes “clichés” serían uns modelos abstractos de representación de procesos sociais aos cales se recorre na literatura oral. É así como as literaturas orais categorizan feitos que implican a persoas como membros dunha colectividade específica; esos feitos incorpóranse á literatura oral nunha forma estandar: o “cliché”, o que Willis³ chama “imaxe simbólica do proceso social”.

AS TEORÍAS DO TEXTO⁴

As primeiras coleccións sobre literatura oral foron obra de folcloristas, en moitas partes os folcloristas foron coleccionistas. O amontonamento de materiais xustificado como unha primeira fase anterior a posteriores estudos esconde unha concepción museística da Cultura.

Na actualidade e entre estes folcloristas, algúns identifícanse a si mesmos como “etnógrafos” ou “antropólogos”, ante o desprestixio intelectual do término folclore, esquecendo que a etnografía supón plantexamentos teóricos desenvolvidos pola Antropoloxía, disciplina na cal non teñen formación específica.

As coleccións destes folcloristas, moitas realizadas cun traballo e labor moi

³ Willis, R. (1987): “The interpretation of oral tradition”, en *Edinburgh Anthropology* 1, p. 68.

⁴ Velasco, H. (1989): “La tradición oral. Textos, contextos, géneros y procesos”, en Marcos Arévalo, J. e Rodríguez Becerra, S.(coords.): *Antropología Cultural en Extremadura. Primeras Jornadas de Cultura Popular*. Mérida: Editora Regional de Extremadura, pp. 573-576.

prolongados, teñen en común varios supostos. En primeiro lugar outorgan ao texto a categoría de obxecto exclusivo de investigación, suposto teórico reduccionista, moitas veces non reflexionado e que parece levar a que a Cultura sexa só o texto. Os autores destes textos son atribuídos a unha especie de suxeito colectivo (ex.: "cantares do pobo") que a través das coleccións mostran a súa creatividade e inxenio, e outras veces o recolector trata de mostrar a súa enorme capacidade competitiva reunindo unha inxente cantidade de textos, sendo a cantidade un obxectivo finalista da investigación, e non a súa interpretación e análise. Isto é ás veces xustificado por unha visión nostálgica do pasado que "chora" a desaparición dalgunhas expresións propias da literatura oral.

Para estes folcloristas, moitos actuais e de novo cuño, os condicionamentos dunha boa colección son: a singularidade e unicidade do texto (sen prestar moita atención ás variantes e variacións textuais e menos ás de contexto), a non explicitación da fonte ou informante (para recalcar que o texto pertence a un suxeito colectivo) ou explicitación do mesmo para reafirmar a súa pertenza ao "pobo" e ao "popular" nunha búsqueda do "auténtico" e do "exótico".

Alén do dito as coleccións dos folcloristas normativizan e ortografían a oralidade no tratamento escrito, é dicir, aplícanlle regras propias da linguaxe escrita, destruindo a oralidade, pois xeralmente non admite aspectos da fala e da fonética producidos no momento da expresión oral, moi importantes para a comprensión da Cultura (exs.: a gheada, o seseo, as repeticións de palabras, ou as

interxeccións). Un aspecto da normativización é a ordenación da colección, ben alfabética, temática, etc. A clasificación permite un orde, esta é unha idea central das teorías do texto, é de recoñecer como meritosa este labor pois permite acumular ordeadamente as informacións e facela dispoñible para estudos comparativos. Pero tamén plantexa o problema dos límites entre categorías (ex.: é difícil distinguir entre un conto e unha lenda) e tamén entre xéneros, pois cada Cultura ten unha concepción dos seus xéneros de literatura oral, é dicir, son categorías "emic". Outro problema é que a orde destas coleccións parece seguir dun xeito ficticio o código de elaboración dos dicionarios, caendo moitas veces nunha linguaxe esquizofrénica baixo unha rutina lineal de segmentos ininterrompidos (ex.: un refrán tras outro), cando en realidade son segmentos de discursos interrompidos. Unha crítica xeral á obsesión pola clasificación tipolóxica é que moitas veces acaba por ser finalista e reduccionista, non relacionando os significados entre os textos e os contextos, o cal daría unha visión máis rica dos usos da linguaxe.

A veneración polo texto pretende elaborar coleccións que deteñan un suposto proceso de deterioro e desaparición da literatura oral, este afán conservacionista esconde ao meu modo de ver dous erros: o primeiro é que a literatura oral non desaparece, senón que se transforma en procesos sociais; o segundo é que co proceso de escrituración da literatura oral, a mesma pode ser mantida, pero tamén é certo que a súa transmisión experimenta cambios cualitativos de importancia que afectan decisivamente á comunicación e interacción entre emisor e audiencia (cambios que deben ser estudados e reflexionados para comprender a Cultura).

Entre as teorías do texto caba citar as de Aarne, as de Thompson, o formalismo de Vladimir Prop, o estruturalismo de Lévi-Strauss, e a de Alan Dundes. Todos eles descubren no texto unidades mínimas de significación que se presentan baixo un conxunto de relacións: tipo (Aarne), función (Propp), motivo (Thompson), mitema (Lévi-Strauss), motivema (Dundes). Aínda que Lévi Strauss é antropólogo e non folclorista, si que participa nalgunha medida con aportacións ás teorías do texto, moitas veces descoñecidas polos propios folcloristas.

Unha crítica xeral a todo este conxunto de teorías é que ao centrar a súa atención no texto en si, esquecen que eses textos prodúcense en contextos de interacción social que dotan de sentido e significado ao vivir cotiá.

AS TEORÍAS DO CONTEXTO⁵

O plantexamento xeral destas teorías é acceder ao significado dos textos a través dos contextos, e foi activado polo antropólogo Malinowski, para quen o contexto de situación (expresións, xestos, movementos corporais, costumes, etc.) motiva que o dato lingüístico se convirta nun comportamento social e cultural. Isto supón un cambio de actitude ante a literatura oral, e segundo Ben Amos e

Goldstein, os textos son documentación necesaria pero non suficiente, facéndose necesario un conxunto de descripcións proxémicas, kinésicas e paralingüísticas da interacción.

Para esta nova etnografía da fala e da comunicación a unidade mínima de análise non é xa o texto, senón o evento da fala, constituído polos seguintes factores: emisor, receptor ou audiencia, forma do mensaxe, canle, código, tema e situación. Desa maneira a aproximación contextual descubre como tras a literatura oral opera unha nova gramática, a do uso da linguaxe, e para comprender o uso da linguaxe a noción de "competencia comunicativa" do linguista Chomsky esclarece os límites da definición do que chamamos "contexto", é dicir, a competencia comunicativa refírese ás regras de uso axeitado dun linguaxe específico, o que inclúe as situacións e os roles sociais interrelacionados nos actos de comunicación. É así como por exemplo o mesmo refrán pode ter significados diferentes segundo o contexto sexa o dunha conversa ou o dun debate entre políticos. A esta variedade de uso dos textos a aproximación contextual denomina "performance"⁶ (execución, realización, interpretación, etc.), é dicir, a literatura oral cabe entendela como un evento social expresivo que ocorre nun contexto e que xurde do mesmo como algo emerxente e creativo. Isto supón que a literatura oral ten un valor de uso, é dicir, é

⁵ Velasco, H.(1989): *Ob. cit.* nota (4), pp. 576-579.

Véxase tamén:

Velasco, H.(1989): "Leyendas y vinculaciones", en Etienvre, J.P.(ed.): *La Leyenda, Antropología, Historia, Literatura. Actas del Coloquio celebrado en la Casa de Velázquez*, pp. 115-132.

⁶ Hymes, D.(1975): "Breakthrough into Performance", en Ben Amos, D. e Goldstein, K.(eds.): *Folklore. Performance and Communication*. The Hague: Mouton, pp. 11-74.

Véxase tamén:

Turner, V.(1993, or. 1986): *Antropología della performance*. Bologna: Il Mulino.

usado en contextos de situación e contextos culturais específicos polo falante; este valor de uso é diferente ao valor en si mesmo, como texto. O valor do texto en si mesmo é atribuído xeralmente por folcloristas despistados inmersos nunha corrente de “moda” pseudointelectual, que recollen textos por simple “moda”, con grande mérito pola súa parte, pero sen preocupacións polas diferentes achegas teóricas realizadas por especialistas.

As propostas conceptuais destas teorías do contexto implican unhas ferramentas metodolóxicas que existen estadias continuadas no locus de investigación. Ademais, os contextos non se provocan, senón que son espontáneos e con certo sentido de oportunidade. Tamén é importante considerar que a contextualización dun estudio sobre literatura oral esixe unha investigación global sobre a Cultura e a Sociedade nas cales se insire.

CRITICA POSTMODERNA

A literatura oral é denominada moitas veces como “literatura popular” ou “literatura de tradición oral”. O primeiro termo pecha un engano do que xa falamos, que é atribuír a un actor colectivo unha creación individual dunha persoa concreta, nun lugar concreto e nun periodo concreto, ás veces difícil de localizar; pero tamén o propio calificativo de “popular” semella unha xeneralización excesiva, ao non ter en conta as diferencias na estrutura social dun grupo humano concreto, dese xeito poderíamos pensar que grupos humanos calificados de “burgueses” non crearían unha

literatura oral. O segundo termo, o de tradición oral, tende a dar a idea de que a literatura oral é algo estático. Pola contra a chamada “tradición oral” é un proceso de difusión, perpetuación e reprodución cultural (inclusive a costa de transformarse) que utiliza múltiples regras e estratexias memotécnicas: rima, ritmo, redundancia, ritualización, fabulación, contrastación binaria, descripción de lugares nun traxecto mítico, etc. Neste proceso, e sen escapar ás transformacións e aos cambios de valores, quen foi audiencia pode converterse en emisor, e ese emisor pode adquirir memorísticamente unha colección de textos. Frente a esa colección, entendida como proceso social que tece unha rede social, as coleccións feitas polos folcloristas e atribuídas a un suxeito colectivo, son arbitrarias e convencionais, ao mezclar textos recollidos de diversos informantes e ordenar os materiais segundo as letras do abecedario; todo elo lévanos a unha mala comprensión da literatura oral como instrumento de mediación na vida social. Baixo este prisma a literatura oral non pode desvincularse da vida social, é dicir, non é algo puramente expresivo e accidental, senón que a propia vida social constitúese por comunicación e oralidade.

Explicar a literatura oral non é só coñecer as orixes e menos supoñer e especular sobre as súas causas, cabe recordar a tan manida frase aplicada á literatura oral en particular e ás costumes en xeral: “a súa orixe pérdese na noite dos tempos” (obsesión do Evolucionismo do s. XIX), reafirmando un valor de antiguidade que pretende pasar por verdade histórica cando en realidade non é así; pola contra esas costumes ou esas oralidades teñen comunmente orixes e creadores máis cercanas no tempo.

Xa chegando ao remate quero recalcar a necesidade de reflexión teórica por parte dos investigadores, unha reflexión teórica que debe implicar un maior rigor conceptual e unha mellor formación metodolóxica, obviando que o rigor non nace do amateurismo e do “recoller datos por el campo” senón do “traballo de campo prolongado”, é dicir da observación participante e dialóxica⁷. Trátase polo tanto de recoller esta literatura na realidade vivida espontaneamente⁸ (e non nunha presión forzosa sobre as memorias das persoas), no momento da súa enunciación, porque desa maneira permite o aceso ao non dito e ás intencionalidades latentes, ao sentido literal e ao sentido observado (intencións que o texto presenta como motivadores da súa enunciación).

Tamén quixera recalcar, a necesidade dunha crítica cultural que deconstrúa os estereotipos e valores transmitidos pola literatura oral (ex.: o sexismo e as súas metáforas). E finalmente quero rexeitar calquera visión cadaverizadora da literatura oral, e relativizar a idea tan banalmente extendida de que se está “perdendo” para xustificar accións de recolla etnográfica de textos a toda costa coa intencionalidade de quere-lo conservar todo cun sentido de creación identitaria diferencial de tinte nacionalista. Ao mesmo tempo que experimenta transformacións co obxectivo de reproducirse culturalmente, tamén vive revitalizacións dinámicas performativas de grande interese (exs.:

o programa da TVG “A Repanocha”, ou as representacións dos contacontos nos pubs).

Finalmente réstame defender a idea do aproveitamento multidisciplinar das abordaxes da literatura oral e a necesidade do enriquecemento mutuo entre linguistas, antropólogos, sociólogos, educadores, psiquiatras, psicólogos, etc. Ao meu modo de ver non se trata só dun obxecto privilexiado de estudio, senón tamén dunha magnífica fonte de aplicación didáctica e terapéutica (ex.: terapias verbais).

⁷ Tyler, S.(1991, or. 1986): “Etnografía posmoderna: Desde el documento de lo oculto al oculto documento”, en Clifford, J. e Marcus, G.E.(eds.): Retóricas de la Antropología. Madrid: Júcar, pp. 183-204.

⁸ Fribourg, J.(1995): Ob. cit. nota (1), pp. 42-43.

BIBLIOGRAFÍA

AARNE, A. E THOMPSON, S.

1961 *The types of the Folktale*. Hersinki: F.F.E. nº 184.

BEN AMOS, D. E GOLDSTEIN, K.(EDS.):

Folklore. Performance and Communication. The Hague:
Mouton.

CHOMSKY, N.

1965 *Aspects of th Theory of Syntax*. Cambridge: Harvard
University Press.

DE HEUSCH, L.

1982 *The Drunken King, or, The Origin of the State*.
Bloomington: Indiana University Press.

DUNDES, A.

1965 *The Study of Folklore*. Englewood Cliff: Prentice
Hall.

LÉVI-STRAUSS, C.

1969 *Antropología estructural*. Buenos Aires: Eudeba.

1987 *A oleira ciumenta*. Lisboa: Edições 70.

MALINOWSKI, B.

1964 "El problema del significado", en Ogden, C.K. e
Richards, I.(1964): *El significado del significativo*.
Buenos Aires: Paidós, pp. 312-360.

1972 *Una teoría científica de la cultura*. Barcelona: Edhasa.

MARTÍN ARANCIBIA, J.(TRADUCTOR)

Polémica Claude Lévi-Strauss/Vladimir Propp. Madrid:
Fundamentos.

MILLER, J.C.

1980 *The African Past Speaks*. London: Dawson.

PEREIRO PÉREZ, X.

1995 *Narracións orais do concello de Palas de Rei*.
Antropoloxía, lingua e cultura. Santiago de
Compostela: Sotelo Blanco.

PROPP, V.

1971 *Morfología del cuento*. Madrid: Fundamentos.

VANSINA, J.

1967 *La tradición oral*. Barcelona: Labor.